

Ensino mixto, indicacións para o profesorado, curso 2022/23

Cuestións previas

- No IES A Xunqueira II traballamos coas ferramentas corporativas da Consellería para o desenvolvemento do ensino mixto (ben sexa presencial, semipresencial ou a distancia) tales como o EVA-Edixgal e a aula virtual, o sistema de videoconferencias Webex meetings, abalarMóbil e EspazoAbalar (comunicacións coa comunidade educativa) e webs dinámicas (web do centro).
- **A ESO xestiónanse a través do espazo virtual de aprendizaxe do Edixgal** (en adiante EVA-Edixgal) ao que se pode acceder coa seguinte ligazón → <https://eva.edu.xunta.gal/>
 - Independentemente que a nosa materia sexa EDIXGAL ou teñamos libro de texto en soporte papel esta é a plataforma a utilizar para estes niveis.
- **O bacharelato xestiónanse a través da aula virtual do centro** (en adiante AV-IX2) á que se pode acceder coa seguinte ligazón → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>
- **A maiores xestiónase na AV-IX2 os seguintes apartados para tódolos niveis:**
 - Axenda de actividades e probas
 1. Aquí poderemos notificar os avisos das actividades e probas de xeito colaborador entre todo o equipo docente, tendo acceso en aberto o alumnado e ás súas persoas responsables.
 - Alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO, e 2º de bacharelato con materias pendentes
 - Foros de coordinación das titorías, dos equipos docentes, dos órganos colexiados (CCP, claustro e consello escolar)
 1. Para as comunicacións entre nós, deixando constancia de todas elas neste eido
 - Innovación educativa
 - Orientación
 - Plan de formación permanente de profesorado (en adiante PFPP)
 - Repositorio de contidos de cursos anteriores, cun ano de antigüidade (O borrado de contidos anteriores realízase na 2ª quincena de setembro).

Acceso ás distintas plataformas

- **EVA-Edixgal** → <https://eva.edu.xunta.gal/>
 - O acceso é a través do usuario e contrasinal do noso correo electrónico corporativo. O usuario é o correo electrónico sen o “@edu.xunta.gal”.
 - Como o contrasinal do correo electrónico debemos cambialo cada 120 días por razóns



de seguridade, o acceso ao EVA-Edixgal actualízase de xeito automático, como ocorre co acceso ao XADE ou a maioría das ferramentas corporativas.

- AV-IX2 → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>
 - O acceso é a través das seguintes credenciais:
 1. Usuario → O usuario é o correo electrónico sen o “@edu.xunta.gal”
 2. Contrasinal



- 1º acceso → 12345
- 2º acceso e seguintes → O que teñas definido, quedando permanente.

- Dada a proliferación de **dispositivos electrónicos** tales como teléfonos **móviles e tablets**, tamén se pode acceder desde a **app moodle en Android e IOS** ambas plataforma.

- Poderemos acceder como estudante e/ou profesor podendo conectar múltiples aulas virtuais se o precisamos, inclusive de centros educativos distintos (EVA-Edixgal, AV IX2, Platega, UNED...).



- Webex meeting → <https://eduxunta.webex.com/>

- O acceso é a través das seguintes credenciais:
 1. Usuario → O usuario é o correo electrónico corporativo completo rematado en “.gal” (Ollo, non funciona se o poñemos rematado en “.es”, está a se extinguir).
 2. Contrasinal:



Webex Meetings

- 1º acceso → Deberemos facer un proceso de verificación por correo electrónico. **No caso de non funcionar**, chamar ao 881.997.701 (Unidade de Atención a Centros – UAC)
- 2º acceso e seguintes → O que teñas definido, quedando permanente.

- Acceso para o alumnado → As direccións webex de todo o profesorado están dispoñibles en <http://webex.iesaxunqueira2.com/>

Configuración do EVA-Edixgal:

- Os “**contidos base**”, isto é, os contidos das editoriais se cargan automaticamente en cada un dos nosos grupos no momento que teñamos configurado o noso horario no XADE, normalmente na 1ª quincena de setembro mais debemos actualalos e seleccionalos segundo o noso interese, podendo facer unha combinación deles.
- **Non é obrigatorio utilizar estes contidos** e mesmo podemos utilizar os nosos pois a contorna EVA-



Edixgal está baseada no moodle, como a AV-IX2, polo que os contidos son transferibles.

- **Haberá tantas materias como grupos teñamos.** No caso de ter interese de integrar grupos, nunca debemos borrar os existentes pois deixaran de funcionar as comunicacións de alumnado.

- **Credenciais de alumnado:**



- As credenciais de alumnado xéranse automaticamente no momento que temos acceso completo ao EVA-EDIXGAL. Estas serán distribuídas desde a dirección/secretaría a través das persoas titoras ou directamente nas clases na 2ª quincena de setembro.
- O usuario ben definido pola Consellería e non se pode cambiar.
- Para o contrasinal teñen un primeiro acceso con cambio forzado para que elixan eles o que estimen oportuno. É importante non elixir un “ao chou” xa que logo non se lembran.
- É conveniente que memoricen estes datos pois soen deixalos memorizados no portátil edixgal e logo cando teñen que acceder desde outro equipo ou logo dunha substitución xa non se lembran e quedan sen servizo.
- Procedemento de **restauración de contrasinais** por parte do profesorado das materias:
 1. Accedemos a **O meu escritorio > Xestión de credenciais.**
 2. **Eliximos** Centro > Grupo > Materia e filtramos.
 3. Eliximos o rapaz correspondentes e picamos en **Restaurar credenciais**, confirmando co botón “gardar os cambios”.
 4. Na columna do histórico poderemos consultar tódolos cambios feitos.
 5. Sempre que fagamos una restauración do contrasinal recuperaremos ao inicialmente fornecido pola dirección/secretaría polo que é prudente gardas a folla de credenciais fornecida a principio de curso.
- **Ao final do curso é prudente facer unha copia de seguridade**, se o estimamos oportuno, pois os contidos “reiníciase” na 1ª semana de setembro. A copia de seguridade poderá ser restaurada na 2ª semana de setembro.



Configuración da AV-IX2:

- Desde as oficinas, durante o proceso de matrícula, damos de alta a tódolos usuarios do centro (alumnado e profesorado) coas credenciais anteriormente indicadas.
- Desde secretaría, durante o mes de xullo e agosto, configuramos as categorías (nivel e materias) e os cursos, asignando ao profesorado de cada un deles (un por cada grupo, se ben é certo que podes solicitar o agrupamento dos mesmos á persoa secretaria ou as auxiliares administrativas). O profesorado non pode modificar esta estrutura.
- **Credenciais do alumnado:**



- Usuario → nome.apellido1.apellido2 (os artigos van xuntos)
 1. Exemplo 1 → luis.perez.fernandez *Pérez *Fernández
 2. Exemplo 2 → luis.delafuente.pineiro *De La Fuente * Piñeiro
- Contrასinal:
 - 1º acceso → 12345
 - 2º acceso e seguintes → O que teñas definido, quedando permanente.
- Ante calquera problema de acceso (usuario descoñecido; contrასinal erróneo, esquecido o bloqueado...) enviade ao alumnado ás oficinas durante os períodos de lecer.
- **O profesorado encargase da matriculación dos rapaces en cadanseu curso**, e, de se-lo caso, na creación de subgrupos, se así o estima oportuno.



- Para matricular ao alumnado (usuarios):
 1. Acceder ao curso.
 2. Picamos nas **3 ringleiras da esquerda**, logo en **participantes**, logo no botón **Matricular usuarios**, buscamos por apelido e/ou nome (o máis distinto posible) e seleccionamos o alumnado desexado (de xeito múltiple), **picamos en amosar máis, poñemos 365 en Duración da matriculación** e finalmente picamos en **Matricular usuarios**, deste xeito o alumnado desaparecerá do curso unha vez remate o ano académico, non interferindo no vindeiro curso onde previsiblemente estará nun nivel superior.
 3. **Novo** → En breve activaranse os “círculos” que equivalen aos grupos polo que se, por exemplo, seleccionamos 1º BTO A, matricularemos automaticamente a todo o alumnado do citado curso.
 4. Por mor la LOPD, non se pode usar o sistema de automatriculación.
- Desde secretaría, durante a 2ª quincena do mes de setembro, procederase coa desmatriculación de todo o alumnado e profesorado dos cursos anteriores para que non sexa visible e evitarmos confusións.
- Desde secretaría, durante o mes de xaneiro e logo da consulta ao profesorado, procederase co borrado daqueles cursos que xa non se precisen.

Pontevedra, 12 de Outubro de 2022

Asdo.: A director

D. Juan Carlos Pérez Mestre